

Modificacións da P. D. da materia de VIOLONCHELO

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos centros docentes da *Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de VIOLONCHELO para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Adáptase o grao de esixencia dos criterios de avaliación da PD en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

1º GE

1. Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (clave de fa, compas, silencios...).
2. Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
3. Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e produción dun son de calidade.
4. Man esquerda: Colocación adecuada sobre o batedor en primeira posición, e utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
5. Interpretación dunha das escalas propostas durante o curso.
6. Interpretación de memoria dunha que demostre unha boa posición tanto da primeira posición na man esquerda como da correcta utilización do arco.
7. Interpretación en público demostrando un dominio dos obxectivos mínimos esixibles no caso de ser convocado polo profesorado durante os dous primeiros trimestres.

2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (clave de fa, síncopas, tresillos..)
2. Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
3. Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e produción dun son de calidade. Diferentes golpes de arco (Detaché, Staccato, Ligaduras ata 4 notas).
4. Man esquerda: Colocación adecuada sobre o batedor en primeira posición, e utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama. Extensións en primeira posición.
5. Interpretación dunha das escalas propostas durante o curso con diferentes valores rítmicos e diferentes golpes de arco.
6. Interpretación de dúas que reflectan un dominio tanto da primeira posición como das súas extensións.
7. Interpretación de memoria dunha das pezas.
8. Interpretación en público demostrando un dominio dos obxetivos mínimos esixibles no caso de ser convocado polo profesorado durante os dous primeiros trimestres.

3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (clave de fa, compas, silencios...).
2. Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
3. Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e produción dun son de calidade. Diferentes golpes de arco (Detaché, Staccato, Martellé, Spiccato, ligaduras ata 4 notas).
4. Man esquerda: Aprendizaxe das posicións baixas (primeira, segunda, terceira, cuarta e media). Utilización correcta da dixitación axeitada na lectura dun pentagrama. Harmónicos naturais.

5. Escalas con diferentes valores rítmicos e diferentes golpes de arco nas que se utilicen as posicións baixas (ata a cuarta posición).
6. Interpretación duna pezas nas que se utilicen as posición baixas (ata a cuarta) das cales unha deberá ser tocada de memoria.
7. Interpretación dun movemento de concertino ou sonata
8. Interpretación en público demostrando un dominio dos obxectivos mínimos esixibles no caso de ser convocado polo profesorado durante os dous primeiros trimestres.

4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (trinos, mordentes, e grupettos. cromatismos...).
2. Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e produción dun son de calidade. Diferentes golpes de arco (Detaché, Staccato, Spiccato, Ligaduras ata 8 notas).
3. Man esquerda: Aprendizaxe das posición intermedias (quinta, sexta e sétima) e demostrar un dominio sobre as posicións baixas (da media á cuarta). Utilizar a dicitación adecuada na lectura dun pentagrama. 4
4. Traballo sobre a técnica do vibrato.
5. Escalas e arpejos en dúas oitavas, con diferentes valores rítmicos e diferentes golpes de arco onde se utilicen diferentes posicións.
6. Dous estudos nos que se utilicen diferentes posicións dos cales un debe ser interpretado de memoria.
7. Dúas obras completas (Concertino, e ou peza libre), nas que se utilicen diferentes posicións baixas e intermedias.
8. Participación nas audicións técnicas propostas no curso.
9. Interpretación en público demostrando un dominio dos obxectivos mínimos esixibles no caso de ser convocado polo profesorado durante os dous primeiros trimestres.

1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Escalas de dobres cordas (terceiras e sextas) dunha oitava de extensión.
2. Dous estudos, un deles de dobres cordas.
3. Dúas obras (concerto, sonata, ou peza cantáble ou unha peza libre de diferentes características e que representen o nivel esixido)
4. Participación no seu caso nas audicións técnicas propostas no curso.
5. Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.
6. Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras no caso de ser convocado polo profesorado nos dous primeiros trimestres.

2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Escalas de dobres cordas (terceiras e sextas) de dúas oitavas.
2. Escalas en posicións de polgar dunha oitava de extensión.
3. Dous estudos de diferentes estilos e dificultade, un en posición de polgar
4. Dúas obras completas (un concerto, unha sonata, ou unha peza cantáble ou unha peza libre de diferentes características e que representen o nivel esixido).
5. Participación no seu caso nas audicións técnicas propostas no curso.
6. Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.
7. Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras no caso de ser convocado polo profesorado nos dous primeiros trimestres.

3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Escalas de tres oitavas de extensión, co seu correspondente arpexo e terceiras, con valores de negra= 80 e diferentes tipos de arco.
2. Escalas en posicións de polgar de dúas oitavas de extensión.
3. Dous estudos de diferentes estilos e dificultades, un deles en posicións de polgar.
4. Dúas obras completas entre concerto, sonata, e ou peza libre de diferentes características e que representen o nivel esixido.

5. Unha peza para violoncello só.
6. Participación no seu caso nas audicións técnicas propostas no curso.
7. Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.
8. Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras. no caso de ser convocado polo profesorado nos dos primeiros trimestres.

4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Escalas de tres oitavas de extensión, co seu correspondente arpexo e terceiras, con valores de negra= 100 e diferentes tipos de arco.
2. Escalas de dobres cordas (terceiras e sextas) de tres oitavas de extensión.
3. Dous estudos de diferentes estilos e dificultades que conteñan pasaxes en posición de polgar e dobres cordas.
4. Dúas obras completas entre concerto, sonata e peza libre de diferentes características e que representen o nivel esixido.
5. Unha peza para violoncello só.
6. Participación no seu caso nas audicións técnicas propostas no curso.
7. Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.
8. Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras. no caso de ser convocado polo profesorado nos dos primeiros trimestres.

5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Escalas de catro oitavas de extensión, co seu correspondente arpexo, terceiras, sextas en dobres cordas con valores de negra= 100 e diferentes tipos de arco.
2. Escalas de oitavas en dobres cordas.
3. Dous estudos de diferentes estilos e dificultades.
4. Dúas obras de diferentes épocas e estilos musicais que representen o nivel esixido para o curso.
5. Unha peza de estilo español.
6. Participación no seu caso nas audicións técnicas propostas no curso.

7. Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.
8. Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras no caso de ser convocado polo profesorado nos dos primeiros trimestres.

6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Escalas menores de catro oitavas de extensión, co seu correspondente arpejo, terceiras, sextas e oitavas en dobres cordas con valores de negra= 100 e diferentes tipos de arco.
2. Escalas de armónicos artificiais.
3. Tres estudos de diferentes estilos e dificultades.
4. Tres obras de diferentes épocas e estilos musicais que representen o nivel esixido para o curso das cales unha peza ten que ser de estilo español, ou para violoncello solo.
5. Participación no seu caso nas audicións técnicas propostas no curso.
6. Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.
7. Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras propostas para o curso no caso de ser convocado polo profesorado nos dos primeiros trimestres.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sufren modificacións agás no tocante á adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procesos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestres serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (videochamada, aulas virtuais, correo electrónico, CentrosNet, etc).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións presenciais planificadas para o terceiro trimestre debido á súa cancelación.

Poderase convocar ao alumnado para realización de audicións por medios telemáticos similares aos empregados no desenvolvemento da docencia do terceiro trimestre. A participación é voluntaria.

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Mantéñense as mesmas porcentaxes, tendo en conta os contidos traballados no período lectivo presencial do curso e a interpretación de parte do repertorio por medios dixitais durante o terceiro. En ningún caso as actividades desenvolvidas durante este último trimestre poderán afectar negativamente á cualificación final con respecto á obtida na avaliación do 2º trimestre do curso.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indicarase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a este proba.